



Lalínmcero

Emprego



Concello de Lalín

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DUN NOVO NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS (GES), DESTE CONCELLO DE LALÍN.

(Expediente 1030/2025)

Vista a Resolución da Alcaldía de data 28/04/2025 pola que se aprobaron as bases do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares para o grupo de emerxencias supramunicipais GES deste Concello de Lalín.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 10/06/2025 na que foi nomeado o Tribunal Cualificador para dito proceso de conformidade có establecido na cláusula sétima de ditas bases.

Visto a renuncia presentada polo presidente do Tribunal con data 13/08/2025, por motivos persoais e debidamente xustificadas, que obra no expediente referenciado, é polo que para garantir a eficacia e continuidade de dito proceso, procédese a realizar un novo nomeamento do Tribunal Cualificador para dito proceso selectivo.

Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,



DISPOÑO:

Primeiro.- Nomear un novo Tribunal Cualificador para o proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares para o grupo de emerxencias supramunicipais, GES, deste Concello, deixando sen efecto o nomeamento anterior de data 10/06/2025, e quedando do seguinte xeito:

	TITULAR
Presidenta:	María Pérez Seoane
Secretario:	Julio Couto Méijome
Vogais:	M ^a Teresa Rocha Blanco Fernando Pérez García Francisco Javier Gutiérrez Vázquez

Segundo.- Comunicar dito nomeamento ás persoas afectadas, aos efectos oportunos.

O Alcalde,
Asdo. Xosé Crespo Iglesias

O Secretario Xeral
Asdo. César López Arribas

